



CAMPO DE VOLUNTARIADO "ESGOS"

(ESGOS - OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
23/08-03/09/2025	18-30	Internacional	Etnográfico	15

LOCALIZACIÓN

A actividade realizarase nos arredores do Albergue de Vilar de Ordellas, na vila de Vilar, que pertence ao concello de Esgos, na provincia de Ourense. Esgos é un pequeno concello que se asenta nun val próximo aos últimos estribos do Macizo Central. É unha zona con multitude de ríos e regatos que moven as pedras dos muíños.

A diversidade de rutas de sendeirismo, infraestruturas hoteleiras, piscinas municipais ou infraestruturas arquitectónicas propias da zona (peto de ánimas, Castro dos arcos, Os Cabaceiros) fan de Esgos un concello cunha importante infraestructura turística.

A paisaxe é dunha enorme beleza, entre a que destacan os afloramentos graníticos e a espesa arboreda, que crean escenas fantásticas ambientadas con vellos carballos e castaños. A isto podemos engadir a súa boa localización xa que está nas entrañas da Ribeira Sacra o que fai que a zona se poida ofertar como unha gran alternativa para descubrir e gozar a natureza en liberdade nun ambiente tranquilo, rural e fermoso, ideal para o descanso e desconexión da rutina diaria.

DESCRICIÓN DO CAMPO

A finalidade do campo é recuperar a memoria etnográfica e patrimonial das vilas do Concello de Esgos. Para isto levaranse a cabo as seguintes accións:

- Recollida e dixitalización de fotografías sobre o pasado de Esgos
- Catalogación de lavadoiros, fontes, petos de ánimas, cruceiros... para crear un catálogo dixital que será publicado e enviado ao Arquivo Provincial
- Recollida de experiencias dos maiores de Esgos a través de entrevistas e montaxe en formato de podcast
- Creación dunha exposición virtual mediante a plataforma Mozilla Hubs
- Aprendizaxe sobre a Axenda 2030 e propoñer medidas ao concello a través de tres ODS



- Dinamización das diferentes rutas do Concello de Esgos

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descuberta de Esgos a través do xogo na cidade
- Caiac e paddleboard na Ribeira Sacra
- Xogos de deportes tradicionais
- Obradoiro de forno de leña
- Visitas:
 - Centro de Interpretación da Ribeira Sacra e ao Mosteiro de S. Pedro de Rocas
 - Alfarería Niño de Aguiá
 - Ribeira Sacra paseando polo río Sil en catamarán e degustación nunha bodega de denominación de orixe
 - Tarde en Ourense
- Para relaxarse:
 - Tarde na piscina
 - Tarde nas termas de Outariz
 - Quiniela tola
 - Festa e veladas relacionadas coa temática do campo de voluntariado

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue de Vilar de Ordellas (Vilar de Ordellas, s/n, Esgos).

O acceso ao albergue pódese facer tanto en coche como en autobús, tomando a estrada de Trives (OU-536), tomando o desvío á esquerda na vila de Tarreirigo.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h. no lugar de aloxamento. Alternativamente, fíxase un punto de encontro para as 16:00, as 18:00 e as 20:00 horas. na estación de autobuses de Ourense.

O curso rematará o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR

Tanto de Santiago de Compostela coma de Lugo, pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren ata Ourense.



Para chegar dende Vigo a Ourense, o servizo de autobús préstao tamén a compañía www.monbus.es. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo persoais e toallas
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas
- Zapatos ou botas de montaña
- Roupa de abrigo, chubasqueiro e roupa impermeable
- Roupa de traballo, roupa deportiva, calzado deportivo e traxe de baño

- Guantes de traballo e gorra
- Lanterna e cantimplora
- Protección solar



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Ourense:
camposourense.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

